


RESOLUCIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS



DEREITO
SOCIAL
REVISTA
CALLEGA
DE

RECURSOS E SANCIONES

REVISTA

GALLEGA

DE

DEREITO
SOCIAL

RESOLUCIÓN DO 15 DE XANEIRO DE 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a consecuencia do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 15.1.a) do R.D.L. 1/95 polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e artigo 2 do R.D. 2.546/94 ó esta-la totalidade do cadro de persoal da empresa contratada ó abeiro de contratos por obra ou servizo determinado cando realizan os servizos de tracto continuo na mercantil.

Tal infracción, tipificada e cualificada como grave no artigo 95.6 do R.D. 1/95, do 24 de marzo, que aproba o Estatuto dos Traballadores, apreciándose a sanción resultante en grao máximo en atención ó numero de traballadores afectados, ó abeiro do disposto nos artigos 36 a 37 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, propoñéndose a imposición dunha multa de 250.001 pesetas.

SEGUNDO: Logo da proposta de resolución emitida polo órgano instructor no sentido de modifica-la acta, pola Delegación Provincial de Ourense da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 27.08.98 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 50.001 ptas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dán aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMERO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06/08/98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: Non se poden acoller os argumentos expostos no recurso, pois se ben é certo que o artigo 32.3 do Convenio Colectivo da Industria Téxtil posibilita a contratación por obra ou servizo determinado, dita posibilidade recóllese para as tarefas e traballos suficientemente diferenciado polo volumen adicional de traballo.

É evidente que se tódolos contratados da empresa ó estar baixo a modalidade antedita non se pode prever que cubran volumes adicionais senón a totalidade do ciclo productivo da empresa, circunstancia esta que é a que se sanciona, pois non se discute que a empresa funcione baseándose nos pedidos ou campañas que se lle encomenden, pero para cubrir esa demanda debe contar cun cadro de persoal de carácter fixo e ante as eventualidades de incremento desta é cando se abre a posibilidade de contratar por servizo determinado.

Polo exposto, estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmala resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

Desestima-lo recurso interposto por doña P.C.M. en representación da empresa “R.Z., S.L.” contra a Resolución de data 27.08.98 acordada pola Delegación Provincial de Ourense da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 50.001 ptas. imposta a esta.

RESOLUCIÓN DE 22 DE XANEIRO DE 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a consecuencia do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes:

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 93 do R.D.L. 1/95 que aproba o Estatuto dos Traballadores e o artigo 11.2.e) da mesma norma ó non facilitar a empresa formación teórica a un traballador aprendiz.

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 95.6 do R.D.L. 1/95, do 24 de marzo, que aproba o Estatuto dos Traballadores, apreciándose a sanción resultante en grao MEDIO debido ó período de tempo transcorrido cometendo a infracción, ó abeiro do disposto no artigo 36 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, propoñéndose a imposición dunha multa de 100.100 pesetas.

SEGUNDO: Logo da proposta de resolución emitida polo órgano instructor no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 02.10.98 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 100.100 pesetas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, de acordo coas alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A Competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06/08/98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: O alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova que non fora tida en conta, limitándose a recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese, xa que o certo é que queda demostrado de forma palmaria que non se ofrecía ó traballador formación teórica en horario de traballo, intentando a empresa que se considere como tal unha

pretendida remisión de libros e cuestionarios ó traballador por unha academia situada en Valencia, pero aínda que consideremos ese dato como real, o certo é que o traballador non utiliza, os venres, data acordada no contrato, para formarse teoricamente, non servindo para desvirtuar a acta as declaracións posteriores das partes interesadas; xa que debido á relación de dependencia do traballador coa empresa a súa segunda declaración non pode ter o mesmo valor que a manifestada de maneira espontánea, sen que por outra banda a empresa acredite a existencia dos pretendidos libros ou cuestionarios, por iso quedando suficientemente acreditada a infracción a través da Acta de Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88 do 7 de abril, sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, ó non ser esta destruída por proba suficiente en contra e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

Desestima-lo recurso interposto por don R.H.B. en representación da empresa “F., S.L.” contra a Resolución de data 02.10.98 acordada pola Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 100.100 ptas. imposta a esta.

RESOLUCIÓN DO 22 DE XANEIRO DE 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado por mor do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 3.2.d) da Lei 10/94, do 14 de maio, ó celebrar un contrato de aprendizaxe cunha traballadora que xa ocupara o posto durante tempo superior a doce meses.

Tal infracción, tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 95.6 do R.D.L. 1/95 pola que se aproba o Estatuto dos Traballadores e no artigo 7.5 da Lei 8/88, vixente na data de celebración do contrato, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO modulándose con base no prexuízo causado ó traballador, ó abeiro do disposto nos artigos 36 e 37 da Lei 8/88, do 7 de abril, de infraccións e sancións na orde social, propoñéndose a imposición dunha multa de 100.000 pesetas.

SEGUNDO: Logo da proposta de resolución emitida polo órgano instructor no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 25.09.98 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 100.000 pesetas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, de acordo coas alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro). Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06/08/98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: A alegada prescrición non se pode acoller xa que ó tratarse dunha infracción de tracto continuo o inicio do cómputo do prazo prescricivo terá que realizarse no intre en que rematou a acción infractora, que será a data de finalización do contrato realizado fraudulentamente, polo que o alegado prazo de tres anos non pasou.

TERCEIRO: As demais alegacións non poden tampouco ser tidas en conta, pois a posibilidade de que unha primeira Inspección non se percatase da infracción cometida non significa que non existira, e por outra banda o descoñecemento da normativa non pode ser alegado, sen que teña relevancia a profesión do infractor nin os seus coñecementos da normativa laboral, por iso quedando suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88 do 7 de abril, sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, ó non ser esta destruída por proba suficiente en contra e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Resolve

Desestima-lo recurso interposto por don J.L.M.A. en representación da empresa deste nome contra a Resolución de data 25.09.98 acordada pola Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 100.000 ptas. imposta a esta.

RESOLUCIÓN DO 22 DE XANEIRO DE 1999

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado por mor do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO: Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 19.1 do R.D.L. 1/95 en relación cos artigos 10 e 11 do R.D. 1.627/97, do 24 de outubro, e Anexo 4 parte C apartado 3 do citado Real Decreto ó non te-las medidas de seguridade axeitadas para evita-lo risco de caída de altura.

Tal infracción, tipificada e cualificada como grave no artigo 47.16 da Lei 31/95 do 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais, apreciándose a sanción resultante en grao mínimo, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 250.001 pesetas.

SEGUNDO: Logo da proposta de resolución emitida polo órgano instructor no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 20.10.98 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 250.001 pesetas.

TERCEIRO: Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, de acordo coas alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dán aquí por integramente reproducidas.

CUARTO: Na tramitación do presente recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto de Galicia 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 227/1998 do 10 de xullo (DOG 06/08/98) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO: O recorrente intenta demostra-la inexistencia da infracción baseándose en que no requirimento levantado pola Inspección non figura referencia ós feitos imputados; nembargantes, a situación realmente existiu, e o propio imputado reconéce na súa alegación segunda aínda que intenta suaviza-la comisión da infracción indicando que o traballo que tivo que realiza-lo operario foi imprevisto e por un tempo de duración curto; nembargantes, o perigo si existiu tal e como reconece incluso o imputado e precisamente é ese perigo creado ó traballador o que se sanciona.

TERCEIRO: A alegación de que as medidas colectivas foron suplidas por medidas individuais de seguridade cae polo seu propio peso, xa que no caso descrito o cinturón de seguridade tería unha nula operatividade.

CUARTO: Por último, a alegación de descoñecemento da identidade do instructor é cando menos relativa. A identidade do instructor especificase xa na propia acta para a súa remisión ó órgano competente para resolver (“Servicio de Relacións Laborais”) bastando dita descrición para entender inexistente a indefensión alegada polo aquí recorrente.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Resolve

Desestima-lo recurso interposto por don J.M.P.L. en representación da empresa “G.P., S.L.” contra a Resolución de data 20.10.98 acordada pola Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 250.001 ptas. imposta a esta.

REGULACIÓN DE EMPREGO

**REVISTA
GALLEGA
DE
DEREITO
SOCIAL**

RESOLUCIÓN DO 8 DE XANEIRO DE 1999

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado na marxe, do que se coñece en virtude do recurso formulado por don J.M.D.C. contra a resolución do 16 de setembro de 1998, da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra, en Vigo, e tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO: En data 03.07.98 (nº de rexistro de entrada 18.699) a empresa arriba referenciada presentou na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra, en Vigo, solicitude de extinción dos contratos de traballo de 78 traballadores, dos 139 que compoñen o seu cadro de persoal. A empresa fundamenta a súa petición en causas económicas, para o que aduce, en síntese, a delicada situación económica pola que atravesa a devandita empresa inmersa nunha situación de suspensión legal de pagamentos, con constantes tensións de tesourería e progresivo endebedamento financeiro.

A devandita solicitude a empresa acompaña diversa documentación, completada esta logo dos requirimentos efectuados pola Delegación Provincial, e entre a que se atopa a memoria explicativa das causas motivadoras do expediente, plan de viabilidade, balances e contas de resultados dos tres últimos anos, así como a acreditación da situación legal de suspensión de pagamentos na que se atopa esta.

SEGUNDO: O período de consultas rematou cun acordo segundo consta na documentación presentada na Delegación Provincial en datas 15.09.98 e 16.09.98, pola que se achega a Acta do Acordo final, acadado en data 15.09.98, validada a devandita documentación coa sinatura dos Interventores Xudiciais, concretándose a solicitude final de autorización de extinción dos contratos de traballo en 48 traballadores, que figuran na relación definitiva de afectados presentada na Delegación Provincial en data 25.08.98.

TERCEIRO: A Delegación Provincial, logo da instrución oportuna e do preceptivo Informe da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, dictou a resolución que agora se impugna, na que na súa parte dispositiva, se di textualmente: *“ESTIMA-LA solicitude presentada pola empresa “J.M.C., S.A.”, e en consecuencia, autoriza-la devandita empresa a extinción dos contratos de traballo dos produtores da relación anexa, a partir da data da presente resolución, por causas económicas. Quedando acreditado o suposto motivador da situación legal de desemprego que determina o art. 208.1.1.a) do Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, pola que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, así como art. 1.a) do Real Decreto 625/1985, do 2 de abril, na súa nova redacción segundo a disposición adicional única do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro”*.

CUARTO: Contra a antedita resolución interpúxose o recurso citado no encabezamento, por medio do que o recurrente, don J.M.D.C., que figura na relación de afectados polo devandito expediente de regulación de emprego cun salario a efectos indemnizatorios de 273.741 pesetas, non conforme con este, e logo das alegacións que estimou oportunas, as que acompaña a documentación que estimou pertinente en defensa da súa pretensión, solicita se dicte nova resolución pola que se modifique o devandito salario e se faga constar que este é de 444.955 pesetas.

QUINTO: Do escrito de recurso deuse traslado pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra, en Vigo, á empresa para os efectos de que por esta se presentaran as alegacións que estimaran pertinentes; evacuando o devandito trámite por ela mediante a presentación do oportuno escrito na Delegación Provincial, no que tralas consideracións estimadas pertinentes, solicitan a total desestimación do recurso ordinario presentado.

SEXTO: De conformidade co preceptuado no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP e PAC), a

Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra, en Vigo, remitiu o expediente e mailo seu preceptivo informe, no que textualmente se dí: “Visto o recurso ordinario formulado por don J.M.D.C. contra a resolución dictada por esta delegación provincial no expediente de regulación de emprego nº 180/98, procede, de acordo co art. 116.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, emitir Informe baseándose nas seguintes consideracións:

- Mediante resolución administrativa do 16 de setembro de 1998, autorizouse á empresa “J.M.C., S.A.” para a extinción dos contratos de 48 traballadores (entre os que figura o recorrente) por Causas Económicas.

- O recorrente interpuxo en prazo recurso ordinario, por non estar de acordo co salario establecido para os efectos indemnizatorios, solicitando a súa modificación.

Achega en apoio da súa pretensión copia da sentenza dictada polo Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra na que se lle recoñece ó reclamante, como dereito adquirido, o percibo dunha cantidade en concepto de sobressoldo.

- Con data do 27.10.98 comunicóuselle á empresa a presentación do recurso ordinario, para que formulase alegacións, que tiveron entrada nesta delegación provincial o 11 de novembro de 1998.

- En relación co exposto, cómpre significar que, tal e como se indicou na correspondente resolución administrativa, a competencia da autoridade laboral nos expedientes de regulación de emprego, circunscríbese á autorización, sempre que non concorran dolo, fraude ou abuso de dereito, para a extinción ou suspensión das relacións laborais, de maneira que as posibles discrepancias que poidan xurdir respecto das indemnizacións, tales como a súa falta de pagamento ou a desconformidade na suma fixada son da competencia da orde xurisdiccional social (art. 2.a) LPL) á que os interesados poden acudir en defensa dos seus dereitos polos trámites do proceso ordinario. Baseándose no dito, considera esta delegación provincial que procede desestimar o recurso ordinario”.

A devandita documentación foi recibida en Servicios Centrais, onde tivo entrada con data 20.11.98 (nº de rexistro de entrada 19.725).

SÉTIMO: Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, vén determinada polo Real Decreto 1.999/1984, do 12 de setembro (BOE 12.11.84), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 27.01.85), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) en relación co Real Decreto Lexislativo 1/1995 do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO: A única cuestión a que se contrae o recurso ordinario presentado é a solicitude de modificación do salario establecido só para os efectos indemnizatorios, por non estar conforme o recorrente con este, solicitude que excede da competencia que lle corresponde á Autoridade Laboral, que nos expedientes de regulación de emprego se circunscribe á constatación da causa e no seu caso á correspondente autorización, de xeito que as discrepancias ou reclamacións que xurdan respecto das indemnizacións, tanto as relativas a súa falta de pagamento polo empresario ou a desconformidade no seu establecemento, corresponde o seu coñecemento á xurisdicción social, consonte ó sinalado no art. 14.2 do R.D. 43/1996, do 19 de xaneiro, en relación co art. 2 da Lei de Procedemento Laboral.

Polo anteriormente exposto é polo que procede desestimar o recurso ordinario presentado sen prexuízo das accións legais que procedan verbo da cuestión controvertida.

Así, vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

Acorda

Desestima-lo recurso ordinario formulado por don J.M.D.C., contra a resolución de data 16.09.98, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra, en Vigo, e recaída no expediente de regulación de emprego nº 180/98 promovido pola empresa “J.M.C., S.A.”. E, en consecuencia, confirma-la citada resolución en tódolos seus extremos.

RESOLUCIÓN DO 18 DE XANEIRO DE 1999

Examinado o expediente de reclamación de danos e perdas arriba referenciado do que se coñece en virtude da reclamación presentada por don J.M.M. ante a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, e tendo en conta os seguintes,

Feitos

PRIMEIRO: Como antecedentes do presente expediente débese facer expresa referencia ós seguintes:

a) Con data 14.01.94 presentouse na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, solicitude de regulación de emprego pola empresa “M.R., S.A.”, para extingui-las relacións xurídico-laborais con 14 traballadores dos 45 que compoñen o seu cadro de persoal, en virtude do acordo acadado entre a devandita empresa e a representación legal dos traballadores. Entre os afectados por este figuraba o hoxe reclamante don J.M.M.

b) No expediente persoáronse tres afectados por el, entre eles J.M.M., presentando as oportunas alegacións. Á vista delas a Delegación Provincial mediante resolución de data 01.02.94 acordou remiti-lo expediente presentado no Xulgado do Social, tramitándose o 07.02.94 a correspondente demanda de oficio, ó apreciar indicios razoables de que na conclusión do acordo acadado entre a empresa e os representantes legais dos traballadores, puideran concorrer vicios que determinaran a súa nulidade. Na data 13.05.94 dictouse sentenza polo Xulgado do Social nº 3 de Lugo declarando a validez do acordo.

c) A Delegación Provincial de Lugo, unha vez notificada a sentenza referida no parágrafo anterior, o 20.05.94, dictou Resolución homologando o devandito Acordo e autorizando o referido expediente de Regulación de Emprego, con data 25.05.94.

d) Contra a sentenza do Xulgado do Social nº 3 de Lugo interpúxose Recurso de Suplicación, ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), notificándose á Delegación Provincial a interposición do referido recurso con data 30.05.94 (cinco días despois de dictarse a Resolución homologadora do Acordo acadado).

O 04.11.94 dictouse sentenza pola Sala do Social do T.S.X.G., estimando o recurso presentado e anulando a sentenza de instancia, por defectos procesuais, e ordenando repoñe-lo actuado ó momento de admisión a trámite da demanda, co fin de que polo Xuízo do Social se dea cumprimento do establecido no art. 147.1 e 2.a) da L.P.L. e se proceda ó chamamento ó acto de xuízo ós interventores xudiciais da empresa demandada e ó “F.”

e) Ó mesmo tempo, presentouse Recurso Ordinario contra a Resolución da Delegación Provincial de Lugo pola que se homologaba o acordo, sendo este desestimado por Resolución da Dirección Xeral de Relacións Laborais de data 26.09.94.

f) Con data 28.06.95 dictouse nova sentenza polo Xulgado do Social nº 3 de Lugo (en cumprimento do disposto na sentenza de 04.11.94 do T.S.X.G.), pola que se volve a declarar que o acordo acadado entre a

empresa “M.R., S.A.”, e o Comité de Empresa, non adoece de dolo, coacción, abuso de dereito ou vicio que lle prive de validez, sendo en consecuencia válido e eficaz en dereito. devandita sentenza foi recorrida en suplicación ante a Sala do Social do T.S.X.G. por don J.M.M. e dous máis.

g) Igualmente contra a Resolución desestimatoria da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se coñecía do Recurso Ordinario interposto contra a da Delegación Provincial, interpuxéronse Recursos Contencioso-Administrativos por don J.M.M., don R.G.A. e don L.G.M., ante o T.S.X.G. Nos devanditos recursos contencioso-administrativos, en data 17.11.95 dictouse auto pola Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.X.G. polo que se declara a suspensión da efectividade do acto administrativo (resolucións administrativas) relativo á homologación do expediente de Regulación de Emprego. Contra esta interpúxose Recurso de Súplica pola Autoridade Laboral e pola empresa, sendo este desestimado polo novo Auto de data 24.01.96, confirmándose así o do 17.11.95. Unha vez comunicado o referido auto de suspensión á Delegación Provincial, esta deulle traslado ós interesados na data 29.03.96, para os efectos do disposto nos arts. 103 a 112 en relación co 125 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

h) O 06.02.96 foi dictada sentenza pola Sala do Social do T.S.X.G. no recurso de suplicación interposto contra a dictada polo Xulgado do Social nº 3 de Lugo de data 28.06.95, confirmando esta e desestimando o devandito recurso de suplicación. Igualmente por Auto da mesma Sala de 28.02.96 foi declarada firme para don J.M.M. por presentarse fora de prazo o correspondente recurso de casación. Contra dito Auto interpúxose pola representación letrada do hoxe reclamante Recurso de Queixa o 19.04.96, sendo este desestimado por Auto da Sala do Social do Tribunal Supremo de data 16.05.96.

i) Con data 30.05.96 dictouse Providencia pola Sección 3ª da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.X.G. interesando da Administración demandada se informase das medidas adoptadas para o cumprimento do Auto de suspensión referenciado no parágrafo g), dictado o 17.11.95 e confirmado o 24.01.96. Con data 25.06.96 remitiuse pola Delegación Provincial escrito, en cumprimento do solicitado na mencionada providencia, para informar sobre as medidas adoptadas e que consistiron en dar traslado ás partes interesadas do citado Auto.

j) Con data 17.07.97 a Sala do Contencioso-Administrativo dictou sentenza estimando os tres recursos contencioso-administrativos interpostos contra a Resolución da Dirección Xeral de Relacións Laborais de data 26.09.94, e referidos no parágrafo g) dos precedentes feitos, sinalando no seu Fundamento xurídico V que *“la estimación del recurso en base al defecto procesal de haber ejecutado la Sentencia antes de la firmeza, no impedirá que cuando obtenga firmeza la sentencia dictada por la jurisdicción social, y no se aprecie dolo, coacción o abuso de derecho en el acuerdo de 14 de enero de 1994, se pueda proceder a la ejecución de la sentencia y a la correcta homologación de la sentencia”*.

Contra esta sentenza interpúxose Recurso de Casación, estando este pendente de sentenza.

k) Con data 13.11.96 presentáronse sendos escritos por don L.G.M. e don J.M.M. na Delegación Provincial de Lugo, solicitando a súa incorporación ó expediente de Regulación de Emprego para os efectos de que se teñan en conta á hora de dictar resolución, e achegando estes ás Contas Anuais dos exercicios 94 e 95 da empresa de referencia, sinalándose que da devandita documentación evidénciase que os motivos xustificativos do expediente, á data da súa presentación perderan vigor, non constituíndo argumento válido para a extinción dos contratos por razóns económicas: así mesmo solicitaban que se requirira á empresa diversa documentación para os efectos de probar que a crise alegada era irreal.

l) O 26.11.96 dictouse Resolución pola Delegación Provincial de Lugo pola que se volve a homologa-lo Acordo acadado no expediente de Regulación de Emprego presentado por “M.R., S.A.”, en data 14.01.94.

Contra esta presentáronse por don J.F.G.A., don L.G.M. e don J.M.M., recursos ordinarios, sendo estes desestimados por Resolución de 04.03.97 da Dirección Xeral de Relacións Laborais. Contra esta interpúxose por don J.M.M. recurso contencioso-administrativo ante o T.S.X.G. estando este polo de agora pendente de sentenza.

SEGUNDO: Con data 04.04.98 foi presentada na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, a reclamación citada no encabezamento á que se acompaña diversa documentación, por medio da que don J.M.M. e logo das alegacións que estimou máis convenientes a súa pretensión, solicita se dicte resolución pola que se declare e recoñeza a responsabilidade patrimonial na

que incorreu a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, e se acorde indemniza-lo coa suma de 36.017.035 pesetas cos seus correspondentes intereses legais.

TERCEIRO: Logo da instrución da presente reclamación á vista da documentación presentada e das actuacións practicadas en relación con esta para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos sobre os que se debe pronuncia-la resolución, deuse cumprimento ó preceptuado no art. 11 do Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, en relación co trámite de audiencia, para os efectos de que o interesado, á vista do actuado presentara as alegacións que estimara oportunas.

CUARTO: Don J.M.M., cumpriu o trámite previsto no parágrafo anterior mediante a presentación, en tempo e forma, do oportuno escrito no que tralas consideracións e alegacións que estimou convenientes en defensa da súa pretensión, solicita se declare a responsabilidade patrimonial solicitada.

QUINTO: De conformidade co disposto no art. 12 do Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial e art. 11.j) da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia (D.O.G. 29.11.95) e 17.1º.e) do seu Regulamento aprobado polo Decreto 287/1996, do 12 de xullo (D.O.G. 18.07.96) recabouse o preceptivo dictame do Consello Consultivo de Galicia. Dictame no que logo das consideracións e argumentacións oportunas, conclúe coa non existencia no presente caso de responsabilidade patrimonial pola falla dos máis elementais requisitos determinantes desta, informando favorablemente da desestimación da reclamación presentada.

SEXTO: Na presente reclamación de indemnización de danos e perdas observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de acordo co disposto no art. 142 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e o Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial, vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE 12.11.84), sobre traspaso de funcións e servicios en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 27.01.85), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) en relación co Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO: Con respecto ó fondo da cuestión hai que partir da formulación xeral no ordenamento xurídico do principio de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, que responde no noso dereito a un principio de responsabilidade obxectiva, e onde se esixen unha serie de requisitos para que unha acción de responsabilidade como a que nos ocupa, prospere e o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, que en síntese son: que se dea unha efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas, que este non se produza por forza maior, e o máis importante que sexa consecuencia do funcionamento normal o anormal dos servicios públicos.

Sentado esto, estímase que na presente reclamación de indemnización de danos e perdas a intervención do reclamante sitúase nun plano exclusivamente argumental, xa que a articula en relación co que considera unha conducta omisiva por parte da Autoridade Laboral, esto é, a omisión por parte da Administración de calquera actuación tendente a paliar ou evita-los danos que di ter sufrido o hoxe reclamante, e concretadas no feito de que a mencionada Autoridade non levou a cabo actuacións tendentes a dar cumprimento das diversas resolucións recaídas na orde xurisdiccional social e contencioso-administrativo en relación co Expediente de Regulación de Emprego do que trae causa a presente reclamación.

Trátase así dunha serie de alegacións, que nada proban acerca da demostración da relación de causalidade existente entre a devandita conducta omisiva atribuída á Administración e o dano supostamente causado.

Sentada esta premisa baseándose nas consideracións feitas, agora cómpre entrar a analizar cal foi a actuación da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, tanto a través da intervención da

Delegación Provincial de Lugo, como da Dirección Xeral de Relacións Laborais, para os efectos de deixar clara a ausencia de relación causal entre a devandita actividade e o dano que o recorrente di ter sufrido, así como a non concorrencia no presente caso dos requisitos esixidos no ordenamento xurídico, tocante a poder atende-la presente reclamación.

TERCEIRO: Á vista do contido da reclamación, a aínda que xa se expresou nos Fundamentos de Feito da presente Resolución, é preciso traer a colación o seguinte: o hoxe reclamante don J.M.M., como se desprende da relación de feitos (Ordinal Primeiro letra a)) da presente Resolución, foi afectado por un Expediente de Regulación de Emprego promovido pola empresa “M.R., S.A.”, na data 14.01.94 perante a Delegación Provincial de Lugo, no que se solicita autorización para extingui-las relacións laborais con 14 traballadores dos 45 que compoñen o seu cadro de persoal, baseándose no acordo acadado entre a empresa e a representación legal dos traballadores.

O devandito acordo, logo da demanda de oficio presentada pola Delegación Provincial perante o Xulgado do Social nº 3 de Lugo, foi declarado válido en virtude de sentenza deste, de 13.05.94, dictándose Resolución, baseándose na devandita sentenza, pola Delegación Provincial o 25.05.94 homologando o acordo mencionado e autorizando a medida extintiva; contra esta Resolución presentouse recurso ordinario, desestimado este por Resolución da Dirección Xeral de Relacións Laborais do 26.09.94, e contra a que se interpuxo Recurso Contencioso-Administrativo perante o T.S.X.G.

Na data 17.11.95 a Sala do Contencioso-Administrativo dictou Auto polo que se declarou a suspensión do Acto administrativo relativo á homologación do acordo e autorización do expediente de regulación de emprego, isto é a Resolución da Delegación Provincial de data 25.05.94. Auto contra o que se interpuxo o correspondente Recurso de Súplica, sendo este desestimado por medio doutro Auto do T.S.X.G. do 24.01.96.

Con data 17.07.96 foi estimado o recurso contencioso-administrativo presentado contra a Resolución desestimatoria do Recurso Ordinario, pola Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.X.G.

Cómpre traer estes feitos a colación, como dixen ó principio, xa que é en relación con estes momentos procedimentais, respecto dos que articula o recorrente a presente reclamación, xa que segundo este a Administración a pesar da existencia do devandito Auto de suspensión, así como do resto de resolucións recaídas na orde contencioso-administrativa, non realizou ningunha actuación tendente a dar cumprimento destas, amparándose así a empresa “M.R., S.A.”, nas resolucións da Consellería para non aboar nin salarios, nin retribución por ningún concepto desde o 26.05.94, nin tampouco facilitarlle ocupación efectiva a partir do 30.05.94, e tampouco sen efectuar cotizacións á Seguridade Social, a favor do reclamante don J.M.M.

Con respecto a esta cuestión, que constitúe o núcleo fundamental da presente reclamación, hai que facer as seguintes consideracións:

a) En primeiro lugar con respecto ó Auto que declara a suspensión da resolución obxecto de recurso, hai que sinalar que unha vez que a Delegación Provincial tivo coñecemento da desestimación do Recurso de Súplica interposto contra este, esta notificou ás partes interesadas no Expediente de Regulación de Emprego o contido deste, tal e como se fai referencia no Ordinal Primeiro Letra g) da presente Resolución, de acordo co disposto nos arts. 103 a 112, en relación co establecido no art. 125 da Lei de Xurisdicción Contencioso-Administrativo, substanciándose deste xeito a obriga da Administración no tocante a dar cumprimento ó contido do Auto, debendo salientar neste punto que a reposición da relación laboral á situación anterior a dictarse a resolución obxecto de recurso corresponde á empresa empregadora e ós traballadores afectados. Cumpríndose así por parte da Autoridade Laboral, como xa se mencionou o trámite previsto no citado Auto, tal e como por outra parte, se lle fixo saber o 25.06.96 por medio de comunicación da Delegación Provincial de Lugo, dirixida o T.S.X.G., en cumprimento do requirimento efectuado por este na data 30.05.96, no que por medio de Providencia da sala do contencioso-administrativo solicitaba da Administración, se informase das medidas adoptadas pola Autoridade laboral, para o cumprimento do Auto de suspensión mencionado.

b) En segundo lugar con respecto á sentenza do contencioso-administrativo de data 17.07.96 que anula as resolucións administrativas, hai que dicir que contra esta interpúxose recurso de casación, que polo de agora se atopa pendente de resolución xudicial, estando así esta cuestión “sub iudice”. Feito este polo

demais que non menciona o recorrente a través da reclamación presentada, non podendo, en ningún caso, constituír presuposto fáctico da presente reclamación.

Por maior abastanza, e aínda que non o menciona o recorrente, é preciso referirse a que a sentenza anulatoria dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo di textualmente no seu Fundamento de Dereito Quinto *“la estimación del recurso en base al defecto procesal de haber ejecutado la sentencia antes de la firmeza no impedirá que cuando obtenga firmeza la sentencia dictada por la Jurisdicción Social y no se aprecie dolo, coacción o abuso de derecho en el acuerdo de 14 de enero de 1994, se pueda proceder a la ejecución de la sentencia y a la correcta ejecución del acuerdo”*.

O contido deste fundamento é máis que significativo e aclaratorio da situación do hoxe reclamante, xa que a estimación con data 17.07.96 do recurso contencioso-administrativo fíxose baseándose en que a Resolución da Delegación Provincial dictouse en cumprimento dunha sentenza non firme no momento de dictarse aquela, e contra a que a posteriori se interpuxo o correspondente recurso de suplicación (interposición notificada á Delegación Provincial 5 días despois de dictarse a Resolución).

A celeridade da Administración ten unha explicación clara e precisa, congruente cos principios que deben inspira-la actuación da Administración en relación co expediente de regulación de emprego, xa que tendo en conta a deficitaria situación acreditada pola empresa a través do expediente presentado, a falta de homologación do acordo acadado entre a empresa e a representación legal dos traballadores, validado pola Sentencia do Xulgado do Social nº 3 de Lugo, en 1ª instancia, podería dar lugar a unha situación de consecuencias imprevisibles e irreparables que poderían levar á empresa ó peche total.

Pero é que, se isto non fose suficiente aval, do que se considera unha dilixente e correcta actuación da Administración, a sentenza do Xulgado nº 3 de Lugo pola que novamente se confirma a validez do devandito acordo, declarando que este non adoece de dolo, coacción e abuso de dereito ou vicio que lle prive da mencionada validez, sendo en consecuencia válido e eficaz en dereito, no presente intre é totalmente firme, tal e como se expón no Ordinal Primeiro letra h) da presente resolución, de ahí que tal e como di a sentenza do contencioso-administrativo a estimación do recurso contencioso non impide que cando aquela sexa firme se poida proceder á execución do acordo. De ahí que declarada a firmeza da sentenza, sendo totalmente válido o mencionado acordo de data 14.01.94, no que estaba incluído o hoxe afectado, lévanos a conclusión de que os supostos danos que este estima ter sufrido pola presunta conducta negligente da Administración, perden unha das características esenciais que debe reunir para dar pé a unha reclamación destas características que é a da antixuridicidade destes.

Por maior abastanza e se isto non fose suficiente cabe lembra-lo postulado no art. 142 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común que establece que a anulación dos actos ou disposicións administrativas, en vía administrativa ou pola orde contencioso-administrativo non presupoñen dereito a indemnización.

CUARTO: Por último, hai que facer mención ó expresado no punto VII do escrito de reclamación, que fai referencia ás resolucións da Delegación Provincial de Lugo de data 26.11.96 e da Dirección Xeral de Relacións Laborais de data 04.03.97, que desestima o recurso ordinario interposto contra a primeira, e polas que novamente se homologa o Acordo de data 14.01.94.

A súa mención resulta totalmente intranscendente como base ou apoio da que o reclamante considera unha conducta negligente e omisiva da Administración e sen nexos causais cos danos avaliados por este e que segundo el, non ten obriga de soportar. Resulta intranscedente, xa que as devanditas resolucións veñen constata-la situación descrita ata o de agora, atopándose ademais neste intre pendente da sentenza o recurso contencioso-administrativo interposto contra a Resolución da Dirección Xeral, desestimatoria do recurso ordinario presentado.

Por último subliña-lo feito de que tanto a sentenza de 17.07.96 da orde contencioso-administrativa non sexa firme por interpoñerse contra esta recurso de casación, así como recurso contencioso-administrativo contras as posteriores resolucións dictadas en vía administrativa, que están pendentes de resolución xudicial, non constituíe impedimento para que de acordo coas normas procesuais de aplicación (art. 148 e concordantes da L.P.L.) se proceda á correcta execución da sentenza firme da orde social, presuposto das resolucións dictadas en vía administrativa; de ahí que se estime que sexa cal sexa o contido das

resolucións xudiciais que polo de agora están pendentes, os pronunciamentos en vía administrativa non poderían ser doutro xeito que o da homologación do acordo.

Por todo o exposto e ó non concorrer no presente suposto os máis elementais requisitos esixidos polo ordenamento xurídico para os efectos de atende-la presente reclamación, estimamos que non é preciso entrar na análise concreta da avaliación económica dos danos, xa que de ningún xeito é posible imputar ó funcionamento da Autoridade Laboral, ningunha conexión coa lesión patrimonial da que se pretende a indemnización.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación e de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia, esta Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais,

Resolve

Desestima-la reclamación da indemnización de danos e perdas presentada por don J.M.M. ante a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, pola que se solicitaba unha indemnización de trinta e seis millóns dezasete mil trinta e cinco pesetas (36.017.035 ptas.).

RESOLUCIÓN DO 28 DE XANEIRO DE 1999

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado na marxe, do que se coñece en virtude do recurso formulado por don J.R.G., traballador afectado polo expediente de regulación de emprego tramitado a solicitude da empresa "O.R.", contra a resolución de 25 de setembro de 1998, da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, e tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO: Na data 09.09.98 (nº rexistro de entrada 21.831) a empresa arriba referenciada presentou na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, solicitude para que lle fose concedida autorización para proceder á suspensión das relacións xurídico-laborais con tres traballadores por un tempo de tres meses contados a partir da data de autorización de expediente.

A empresa fundamenta a súa petición en causas técnico-organizativas, que concreta no peche do centro de traballo que a empresa posúe e sito no "C.I.", na Coruña, ó resolverse o correspondente contrato de arrendamento, e na imposibilidade de incorpora-lo persoal desta a outro establecemento que a empresa posúe na Coruña, pola carencia de espazo físico e de actividade, alegando a empresa que tal suspensión prolongaríase tres meses ata que se producira a apertura dunha nova tenda.

SEGUNDO: Na data 24.08.98 (nº de rexistro de entrada 22.928) dona C.S.S. presentou na Delegación Provincial da Coruña, Acta Final do preceptivo período de consultas de data 21.09.98 na que consta a conformidade expresa co expediente presentado dos traballadores don V.M.R.G. e dona E.S.R., e a oposición de don J.R.G. que non asina a devandita Acta.

TERCEIRO: Logo da oportuna instrución e do preceptivo Informe emitido pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, dictou a resolución que agora se impugna, na que na súa parte dispositiva ACORDA: "*Autorizar á empresa "C.S.S.", como titular de "O.R.", para que proceda á suspensión das relacións xurídico laborais dos tres traballadores que se nomean na lista anexa durante un período máximo de tres meses con efectos desde a presente resolución*".

O devandito pronunciamento ten o seu fundamento no considerando segundo, que é do seguinte teor literal: "Que de conformidade co disposto no art. 47 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo,

polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no artigo 20 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, e concordantes, a Autoridade Laboral dictara resolución autorizando unha suspensión das relacións laborais cando se alcance un acordo cos traballadores afectados, o que é o caso respecto dos xa citados, e iso por aplicación do principio de respecta-la vontade das partes, e en canto ó discrepante débese analizar se efectivamente concorren, causas que xustifiquen a pretensión empresarial e a este respecto está acreditado que o centro de traballo sito nos locais do “C.I.” deixou de ser operativo para a óptica nel instalada e que os traballadores que nel prestaban os seus servicios carecen de ocupación efectiva ó non poder integra-los no outro, sito na..., desta cidade, pero coa expectativa próxima de reinicia-la súa actividade noutro local que aportará a empresa a curto prazo, o que denota un ánimo positivo de continua-las relacións laborais e non extinguilas, e por iso débese acceder a que suspendan ó ser evidente que existen causas legais que impiden a actividade parcial da empresa a conseguinte prestación de servicios por parte dos traballadores.

CUARTO: Contra a antedita resolución, interpúxose o recurso ordinario citado no encabezamento, no que tralas alegacións que se estimaron máis convenientes á súa pretensión, solicitouse que se dicte nova resolución estimatoria deste e se declare a nulidade daquel por non ser conforme a dereito.

QUINTO: Do escrito de recurso deuse traslado pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña á empresa, para os efectos de que á vista do recurso presentado se formularan as alegacións que estimaran pertinentes, evacuándose o devandito trámite mediante a presentación do oportuno escrito no que tralas alegacións oportunas, solicítase a desestimación do recurso presentado, e se confirme a resolución demandada.

SEXTO: De conformidade co preceptuado no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP e PAC), a Delegación Provincial da Coruña remitiu a esta Dirección Xeral o expediente e mailo seu preceptivo informe.

Informe no que os seus parágrafos 3º e 4º son do seguinte teor literal:

“En relación coa Resolución demandada cómpre informar a V.I. que esta foi dictada baseándose nos datos obrantes no expediente, e en concreto ó considerar acreditado o peche do establecemento como centro de traballo e aceptarse a suspensión das relacións laborais por parte de dous dos tres traballadores afectados, e opoñéndose o terceiro, don J.R.G. agora recorrente, sen asina-la acta final do período de consultas obrante no folio 76, nin alegar nada sobre as causas da súa oposición, nin persoarse no expediente para formular alegacións ó respecto, polo que consideran acreditadas as causas técnico-organizativas invocadas pola empresa.

En canto a formulada como primeira, considérase que a nulidade invocada non ten fundamento, xa que a demanda de conciliación por despido presentouse perante o S.M.A.C. o 14.09.98, e o expediente de referencia o día 9 anterior, e a demanda perante o Xulgado do Social o 10.10.98 cando xa estaba resolto aquel desde o día 25.09.98, continuando vixente o contrato de traballo en situación de suspensión, e dictándose sentenza o 11 deste mes desestimándose a súa demanda, segundo documentación aportada pola empresa coas súas alegacións, polo que non se pode apreciar unha excepción procesual de “litis pendencia”.

SETIMO: Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, vén determinada polo Real Decreto 199/1984, do 12 de setembro (BOE 12.11.84), sobre traspaso de funcións e servicios en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, de 29 de novembro (DOG 27.01.85), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) en relación co Real Decreto Legislativo 1/1995 do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO: Con respecto ás alegacións feitas polo recorrente a través do recurso ordinario presentado, estas non poden ter favorable acollida nesta instancia, non desvirtuando en ningún caso o acerto da resolución demandada.

No que fai referencia á primeira das alegacións relativa a nulidade da resolución debido a existencia de litispendencia, por inclusión no Acordo que se recorre dun contrato laboral (referido ó recorrente) potencialmente inexistente ó tempo de presentación da solicitude de regulación de emprego, carece esta de fundamento, sobre todo se temos en conta o pronunciamento recollido na sentenza de 11.11.98 dictada polo Xulgado do Social, nº 2 da Coruña, en autos nº 819/98, que desestima a demanda de despedimento presentada polo hoxe recorrente contra a empresa arriba referenciada, e que foi aportada ó presente expediente pola empresa no trámite de alegacións concedido para os efectos.

Por último e no tocante á segunda alegación contida no recurso ordinario, relativo á falta de motivación do acordo recorrido, hai que dicir que constitúen unicamente manifestacións acomodaticias ó propio interese de parte que nada proban, e que como tales carecen de entidade suficiente para desvirtuá-lo acerto de resolución recorrida, dictada baseándose na documentación obrante no expediente.

Así tendo en conta o anteriormente exposto, é polo que procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

Acorda

Desestima-lo recurso formulado por don J.R.G., en calidade de traballador afectado polo expediente de regulación temporal de emprego promovido a solicitude da empresa "O.R.", contra a resolución 25.09.98, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, e recaída no expediente de regulación de emprego nº 113/98. E, en consecuencia, confirma-la citada resolución en tódolos seus termos.

RESOLUCIÓN DO 13 DE ABRIL DE 1999

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado na marxe, do que se coñece en virtude do recurso formulado por don R.P.R. en calidade de armador propietario da embarcación M/P "N.L." contra a resolución de data 29.01.99 da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- En data 108.01.99 don R.P.R., en calidade de titular do pesqueiro "M/P N.L." presentou na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, solicitude de regulación temporal de emprego para proceder á suspensión das relacións xurídico-laborais cos 9 traballadores integrantes da dotación do buque referenciado, no período comprendido entre o 01.02.99 e o 15.04.99.

Fundaméntase a devandita petición en causas técnicas, ó ser necesario proceder á paralización e suspensión da actividade do buque durante o período referido para levar a cabo diversas obras de reforma e modernización na citada embarcación consistente na instalación dunha nova ponte de goberno e un guindastre de cerco, segundo se acredita mediante certificación do taller de reparacións navais de data 11.01.99.

Á solicitude presentada acompáñase a seguinte documentación:

- a) Copia da escritura de propiedade da embarcación.
- b) Comunicación a toda a tripulación da solicitude do expediente, así como do inicio do período de consultas.
- c) Conformidade dos traballadores afectados, así como a comunicación do peche do período de consultas.
- d) Relación do persoal afectado.
- e) Declaración de non existir representante legal dos traballadores.
- f) Certificado do taller mecánico de reparacións navais.

En data 04.02.99, e para o efecto da súa unión ó expediente, presentouse na Delegación Provincial de Lugo certificación da Capitanía Marítima de data 01.02.99 de..., acreditando a tripulación que se atopa desenrolada dende o 31.01.99.

SEGUNDO.- A Delegación Provincial, logo da tramitación e instrucción oportuna, e do preceptivo informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Lugo, dictou a Resolución que agora se impugna, na que na súa parte dispositiva resólvese: *“DENEGA-LA suspensión das relacións laborais solicitadas por don R.P.R., na súa condición de titular do M/P “N.L.”, ó estimarse que as causas alegadas polo solicitante deben estar previstas dentro da normal actividade empresarial e, polo tanto, excluídas do ámbito de aplicación do art. 47.1 do Real Decreto Lei 1/1995, do 24 de marzo, e 20 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro”*.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución interpúxose o recurso ordinario citado no encabezamento, no que tralas consideracións que se estimaron convenientes en defensa da súa pretensión, solicítase a suspensión temporal da relación laboral ós 9 traballadores que integran a dotación do buque “N.L.” co fin de levar a cabo as obras referidas no expediente.

CUARTO.- De conformidade co preceptuado no art. 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, remitiu a esta Dirección Xeral de Relacións Laborais o expediente e mailo preceptivo informe á vista das alegacións aducidas no recurso ordinario presentado. Informe que é do seguinte teor literal: *“PRIMEIRO.- Que con data 18.01.99 tivo entrada nesta Delegación Provincial escrito formulado por don R.P.R. en solicitude de suspensión das relacións laborais de 9 traballadores, que integran a dotación do buque, por causas técnicas derivadas da realización de obras de reforma e modernización no buque de referencia, aportando certificación do taller comprensiva dos traballos a realizar e da duración aproximada dos mesmos.*

SEGUNDO.- Que, evacuado o trámite preceptivo de solicitude de informe á Inspección Provincial, este foi emitido con data 25 de xaneiro de 1999 (rexistro de entrada de data 26.01.99) en sentido desfavorable á suspensión das relacións laborais ó estimar que as reparacións efectuadas non implican unha alteración ou modificación do proceso de produción, introducindo novos métodos que conleven reestruturación dos servicios ou especialización dos mesmos.

TERCEIRO.- Que, con data 29 de xaneiro de 1999 foi dictada resolución desta Delegación Provincial desestimando a suspensión das relacións laborais solicitada ó estimarse que as causas alegadas polo solicitante deberían estar previstas dentro da actividade normal da empresa polo que se estimou que estaban excluídas do ámbito de aplicación do artigo 47.1 do Real Decreto Lei 1/95, do 24 de marzo e 20 do R.D. 43/1996, do 19 de xaneiro.

CUARTO.- Que, á vista do recurso formulado e de conformidade co artigo 11 do R.D. 43/96, do 19 de xaneiro, a autoridade laboral debería ter autorizado a suspensión solicitada ou, no suposto de apreciarse dolo, coacción ou abuso de dereito na conclusión do acordo ou de estimarse que poidera ter por obxecto a obtención indebida de prestación de desemprego, debería ter dado traslado do expediente á autoridade xudicial a efectos da súa posible declaración de nulidade o que non tivo lugar ó consideralo innecesario á vista da documentación obrante no expediente.

QUINTO.- Que non se aprecia con claridade a data de rexistro de entrada nesa Consellería polo que non nos pronunciamos sobre a extemporaneidade do recurso.

SEXTO.- Que, de conformidade coas alegacións formuladas así como da documentación obrante no expediente, despréndese a concorrencia da causa técnica invocada polo solicitante non apreciándose a

existencia de dolo, coacción ou abuso de dereito na conclusión do acordo acadado no período de consultas.

Polo que antecede, examinado o contido das actuacións e de conformidade coa normativa vixente, este Servizo de Relacións Laborais estima, salvo superior criterio desa Dirección Xeral, que de conformidade co artigo 11 do R.D. 43/96, do 19 de xaneiro, debería ter favorable acollida a petición formulada en vía de recurso”.

Dita documentación foi recibida en Servizos Centrais en data 16.03.99 (nº de rexistro de entrada 4.615).

QUINTO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO.- A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE 12.11.84), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 27.01.85), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) en relación co Real Decreto Legislativo 1/1995 do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO.- Á vista do actuado e da documentación obrante no presente expediente, advén que a solicitude de suspensión temporal das relacións laborais dos 9 traballadores integrantes da dotación do buque M/P “N.L.”, foi presentada coa conformidade dos mesmos, segundo consta na ACTA final do período de consultas de data 12.01.99.

Así, á vista do devandido acordo e no caso de que pola autoridade laboral non se apreciase na conclusión do mesmo, ben de oficio ou a instancia de parte, a concorrencia de fraude, dolo coacción ou abuso de dereito, ou ben de non estimarse que poidera ter por obxecto a obtención indevida de prestacións de desemprego por parte dos traballadores afectados por inexistencia de causa, a devandita Autoridade, en cumprimento do disposto no artigo 11 do Real Decreto 43/1996, de 19 de xaneiro, debería proceder a autoriza-la suspensión solicitada, xa que no caso contrario debería remiti-lo acordo acadado, coa suspensión do prazo para dictar resolución, á autoridade xudicial para o efecto da súa posible declaración de nulidade.

Esto é polo que, tendo en conta o exposto e á vista das alegacións aducidas a través do recurso ordinario presentado, así como do informe emitido pola Delegación Provincial en vía de recurso, integramente transcrito no FEITO CUARTO da presente resolución e que serve de fundamento á mesma de acordo co disposto no artigo 89.5º da Lei 30/1992 do 30 de novembro, é polo que procede estima-lo recurso ordinario presentado, e anula-la resolución de data 29.01.99 da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e tendo en conta que no presente caso concorren os requisitos establecidos no art. 57.3 do antedito corpo legal é polo que procede autoriza-la suspensión das relacións xurídico-laborais solicitada ó non apreciarse a existencia de fraude, dolo, coacción ou abuso de dereito na conclusión do acordo acadado, nin existir indicios da inexistencia da causa motivadora da situación legal de desemprego, que poidera ter por obxecto a obtención indevida das prestacións de tal carácter por parte dos traballadores.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Acorda

ESTIMA-LO recurso ordinario formulado por don R.P.R., en calidade de armador e propietario do buque M/P “N.L.”, e na súa consecuencia, ANULA-LA resolución de data 29.01.99, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e recaída no expediente de regulación de emprego nº 5/99 promovido polo mesmo. E, AUTORIZA-LA suspensión solicitada das

relacións xurídico-laborais dos 9 traballadores que compoñen a dotación do buque arriba referido, que figuran na relación anexa á presente resolución, con efectos dende o 01.02.99 ó 15.04.99.

RESOLUCIÓN DO 13 DE ABRIL DE 1999

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado na marxe, do que se coñece en virtude do recurso formulado por don J.N.P.G. en calidade de titular da embarcación “M/P N.R.” contra a resolución de data 27.01.99 da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- En data 12.01.99 don N.P.G., en calidade de titular do pesqueiro “M/P N.R.”, presentou na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, solicitude de regulación temporal de emprego para proceder á suspensión das relacións xurídico-laborais cos 3 traballadores dos 4 que integran a dotación do buque referenciado, no período comprendido entre o 13.01.99 ó 28.02.99.

Fundaméntase a devandita petición en causas técnicas, ó ser necesario proceder á paralización e suspensión da actividade do buque durante o período referido para levar a cabo diversas obras na embarcación, consistentes na reparación do casco, madeira e pintado do buque, segundo se acredita mediante certificación do taller de reparacións navais de data 07.01.99.

Á solicitude presentada acompáñase a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa.
- b) Comunicación a toda a tripulación da solicitude do expediente, así como do inicio do período de consultas.
- c) Conformidade dos traballadores afectados, así como a comunión do peche do período de consultas.
- d) Relación do persoal afectado.
- e) Certificación expedida pola capitanía Marítima.
- f) Certificación do taller mecánico de reparacións navais.
- g) Fotocopia do DNI do titular.

SEGUNDO.- A Delegación Provincial, logo da tramitación e instrucción oportuna, e do preceptivo informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Lugo, dictou a Resolución que agora se impugna, na que na súa parte dispositiva resólvese: “DENEGA-LA suspensión das relacións laborais solicitadas por don J.N.P.G., na súa condición de titular do M/P “N.R.”, ó estimarse que as causas alegadas polo solicitante deben estar previstas dentro da normal actividade empresarial e, polo tanto, excluídas do ámbito de aplicación do art. 47.1 do Real Decreto Lei 1/1995, do 24 de marzo, e 20 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro”.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución interpúxose o recurso ordinario citado no encabezamento, no que tralas consideracións e alegacións que se estimaron pertinentes ás que acompaña diversa documentación en defensa da súa pretensión, solicítase se dicte nova Resolución pola que revocando e conseguintemente deixando sen efecto a de instancia, se resolva autoriza-la suspensión das relacións xurídico-laborais ós 3 traballadores polo período que vai dente 13.01.99 ó 28.02.99, co pase dos mesmos á situación legal de desemprego e dereito ó percibo das prestacións de desemprego correspondentes e con efectos dende o 13.01.99.

CUARTO.- De conformidade co preceptuado no art. 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, remitiu a esta Dirección Xeral de Relacións Laborais o expediente e mailo preceptivo informe á vista das alegacións aducidas no recurso ordinario presentado. Informe que é do seguinte teor literal: “PRIMEIRO.- *Que con data 12.01.99*

tivo entrada nesta Delegación Provincial escrito formulado por don J.N.P.G. en solicitude de suspensión das relacións laborais de 3 traballadores dos 4 que integran a dotación do buque, por cuasas técnicas derivadas da realización de obras de reforma e reparación no buque de referencia, aportando certificación do taller comprensiva dos traballos a realizar e da duración aproximada dos mesmos.

SEGUNDO.- Que, evacuado o trámite preceptivo de solicitude de informe á Inspección Provincial, este foi remitido con data 22 de xaneiro de 1999 en sentido desfavorable á petición formulada ó estimar que as reparacións que figuran na memoria explicativa “reparación do casco de madeira e pintado” deberían estar previstas dentro da actividade normal da empres.

TERCEIRO.- Que, con data 27 de xaneiro de 1999 foi dictada resolución desta Delegación Provincial desestimando a suspensión das relacións laborais solicitada ó estimarse que as causas alegadas polo solicitante deberían estar previstas dentro da actividade normal da empresa polo que se estimou que estaban excluídas do ámbito de aplicación do artigo 47.1 do Real Decreto Lei 1/95, do 24 de marzo e 20 do R.D. 43/1996, do 19 de xaneiro.

CUARTO.- Que de conformidade co artigo 11 do R.D. 43/96, do 19 de xaneiro, a autoridade laboral debería ter autorizado a suspensión solicitada ou, no suposto de apreciarse dolo, coacción ou abuso de dereito na conclusión do acordo ou de estimarse que poidera ter por obxecto a obtención indebida de prestacións de desemprego, debería ter dado traslado do expediente á autoridade xudicial a efectos da súa posible declaración de nulidade o que non tivo lugar ó considera-lo innecesario á vista da documentación obrante no expediente.

QUINTO.- Que, de conformidade coas alegacións formuladas así como da documentación anexa que complementa a solicitude inicial, despréndese a concorrencia da causa técnica incovada polo solicitante non apreciándose a existencia de dolo, coacción ou abuso de dereito na conclusión do acordo acadado no período de consultas.

Polo que antecede, examinado o contido das actuacións e de conformidade coa normativa vixente, este Servicio de Relacións Laborais estima, salvo superior criterio desá Dirección Xeral, que de conformidade co artigo 11 do R.D. 43/96, do 19 de xaneiro, debería ter favorable acollida a petición formulada en vía de recurso”.

Dita documentación foi recibida en Servicios Centrais en data 22.03.99 (nº de rexistro de entrada 4.823).

QUINTO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO.- A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE 12.11.84), sobre traspaso de funcións e servicios en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 27.01.85), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) en relación co Real Decreto Legislativo 1/1995 do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO.- Á vista do actuado e da documentación obrante no presente expediente, advén que a solicitude de suspensión temporal das relacións laborais dos 3 traballadores pertencentes á dotación do buque M/P “N.R”, foi presentada coa conformidade dos mesmos, segundo consta na ACTA final do período de consultas de data 09.01.99.

Así, á vista do devandito acordo e no caso de que pola autoridade laboral non se apreciase na conclusión do mesmo, ben de oficio ou a instancia de parte, a concorrencia de fraude, dolo, coacción ou abuso de dereito, ou ben de non estimarse que poidera ter por obxecto a obtención indebida de prestacións de

desemprego por parte dos traballadores afectados por inexistencia de causa, a devandita Autoridade, en cumprimento do disposto no artigo 11 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, debería proceder a autoriza-la suspensión solicitada, xa que no caso contrario debería remiti-lo acordo acadado, coa suspensión do prazo para dictar resolución, á autoridade xudicial para o efecto da súa posible declaración de nulidade.

Esto é polo que, tendo en conta o exposto e á vista das alegacións aducidas a través do recurso ordinario presentado, así como do informe emitido pola Delegación Provincial en vía de recurso, integramente transcrito no FEITO CUARTO da presente resolución e que serve de fundamento á mesma de acordo co disposto no artigo 89.5º da Lei 30/1992 do 30 de novembro, é polo que procede estima-lo recurso ordinario presentado, e anula-la resolución de data 29.01.99 da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e tendo en conta que no presente caso concorren os requisitos establecidos no art. 57.3 de antedito corpo legal é polo que procede autoriza-la suspensión das relacións xurídico-laborais solicitada ó non apreciarse a existencia de fraude, dolo coacción ou abuso de dereito na conclusión do acordo acadado, nin existir indicios da inexistencia da causa motivadora da situación legal de desemprego, que poidera ter por obxecto a obtención indebida das prestacións de tal carácter por parte dos traballadores.

Por último hai que referirse á data de inicio dos efectos da suspensión; xa que o recorrente solicita que se sinala o día 13.01.99 como data inicial. Así, para o efecto de resolver esta cuestión hai que ter en conta unicamente a data de Resolución de Instancia, que agora se anula, e que no seu momento debía resolver autorizando a medida suspensiva solicitada, resolución que debería producir efectos única e exclusivamente dende a data da mesma, isto é dende o 27.01.99, xa que, agás nos supostos de forza maior, *“as resolucións administrativas expresas recaídas en procedementos de regulación de emprego se presumen válidas e producirán efectos desde a data en que se dicte salvo que nelas se dispoña outra posterior”* (art. 15 R.D. 43/1996, do 13 de xaneiro).

Co que autoriza-la suspensión dende a data solicitada sería conceder efectos retroactivos á resolución da Delegación Provincial, nun suposto non contemplado na normativa vixente como motivador da devandita concesión, polo que a data a ter en conta é a da Resolución referida, sendo así que a suspensión debe autorizarse dende o 27.01.99 ó 28.02.99.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Acorda

ESTIMAR PARCIALMENTE o recurso ordinario formulado por don J.N.P.G., en calidade de titular do buque M/P “N.R.”, e na súa consecuencia, ANULA-LA resolución de data 27.01.99, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e recaída no expediente de regulación de emprego nº 1/99 promovido polo mesmo. E, AUTORIZA-LA suspensión solicitada das relacións xurídico-laborais dos 3 traballadores que forman parte da dotación do buque arriba referido, e que figuran na relación anexa á presente resolución, con efectos dende o 27.01.99 ata o 28.02.99.

RESOLUCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 1999

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado na marxe, do que se coñece en virtude do recurso formulado por dona J.S.V., en calidade de delegada de persoal da empresa “E.P.G.A., S.A.”, contra a resolución de data do 23.12.98 da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra, en Vigo, e tendo en conta os seguintes,

Feitos

PRIMEIRO: O 27.10.98 don F.R.R.D., en calidade de Director-apoderado da empresa arriba referenciada presentou escrito na Delegación Provincial de Pontevedra, en Vigo, pola que se comunica a iniciación dun expediente de extinción de relacións laborais que afecta á totalidade do cadro de persoal da mesma por causas económicas, ó encontrarse inmersa nun expediente de insolvencia definitiva, así como que con esa mesma data se ten por aberto o período de consultas cos representantes legais dos traballadores.

Así, en data 11.11.98, e logo do requirimento de subsanación de defectos efectuado pola Delegación Provincial de Pontevedra, en Vigo en data do 29.10.98, a referida empresa presentou solicitude de autorización validada pola sinatura de dous Interventores Xudiciais, xunto coa documentación que estimou oportuna, para proceder á extinción das relacións xurídico-laborais de 27 traballadores, que compoñen a totalidade do seu cadro de persoal, fundamentando a súa petición en causas económicas, para o que aduce o feito de que en data 02.10.98, dictouse Auto polo Xulgado de Primeira Instancia nº 8 de Vigo, no Procedemento de Suspensión de pagamentos nº 123/98 polo que se declara a insolvencia definitiva da referida empresa, por existir unha diferenza a favor do pasivo de 763.430.504.- pesetas, o que fai inviable calquera actividade comercial e laboral.

SEGUNDO: Pola Delegación Provincial consonte o sinalado nos arts. 51.3 parágrafo 2º do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, o 9.1 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, comunicouse a iniciación do expediente á entidade xestora da prestación por desemprego e recabouse o preceptivo Informe da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, sendo este do seguinte teor literal. *“En contestación al expediente de referencia se informa que se giró visita de Inspección en fecha 30.11.98, manteniéndose entrevista con F.R.R., director apoderado de la empresa y J.S. delegada de personal quien manifestó que no había recibido la totalidad de la documentación por lo que no pudo emitir el preceptivo informe, en este sentido se requirió al apoderado de la empresa a efectos de que remitiera la documentación mencionada, en lo que se refiere a la cuestión de fondo, solicitud de extinción de la totalidad de los contratos de la plantilla de la empresa. La Inspectora de Trabajo que suscribe, una vez analizada la documentación y realizadas las investigaciones oportunas constata lo siguiente:*

- La empresa adeuda salarios a los trabajadores desde el mes de agosto de 1998.
- En la actualidad está en período de liquidación, con plantas del edificio cerradas al público, apenas reponen mercancía para vender al público y es evidente un deterioro constante y progresivo del negocio de la empresa, unos grandes almacenes.
- La empresa tiene deudas con la Seguridad Social al menos desde el año 1995 en cuanto que presenta puntualmente al sellado los boletines de cotización, sin efectuar el ingreso de cuotas.
- La empresa está en suspensión de pagos números 00123/1998 según propuesta de Auto de 2 de octubre de 1998 del Juzgado de Primera Instancia número 8 de Vigo e intervenida judicialmente.
- Los balances de situación aportados indican una situación económica claramente negativa en cuanto que el Pasivo Exigible supera notoriamente el Activo Real, afectando a la solvencia de la empresa.

En definitiva, por todo cuanto antecede se considera la existencia de crisis económica de naturaleza definitiva, actual y no potencial según criterios constantes que ha manifestado el TS en numerosas sentencias, por lo que se informa favorablemente la solicitud de regulación de empleo presentada por la empresa”.

TERCEIRO: O período de consultas rematou SEN ACORDO, segundo se fai constar na documentación presentada na Delegación Provincial en data 09.12.98 (nº de rexistro de entrada 34.482), relativa ó devandito período na que constan as Actas das reunións celebradas entre a Dirección da empresa e a representación legal dos traballadores de datas 06.11.98 e 04.12.98.

En data 15.12.98 dona J.S.V. en calidade de Delegada de Persoal da empresa, presentou o correspondente Informe, complementado este por medio da presentación doutro en data 18.12.98 no que se fai constar a súa oposición ó presente expediente e logo das alegacións oportunas solicita se dicte

resolución pola que se declare a nulidade do expediente por defectos formais ou subsidiariamente de non ser así se resolva denega-lo mesmo polos argumentos de feito e xurídicos expostos no devandito escrito.

CUARTO: Así, e logo da oportuna tramitación e instrución do expediente, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra, en Vigo, en data 23.12.98, dictou a Resolución que agora se impugna, na que na súa parte dispositiva, se dí: “*ACORDA AUTORIZAR á empresa “E.P.G.A., S.A.”, para a extinción dos contratos dos 27 traballadores relacionados na folla anexa, por CAUSAS ECONÓMICAS.* Asimesmo queda acreditado o suposto motivador da situación legal de desemprego que determinan os artigos 208.1.1.a) do Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social e 1.1.a) do Real Decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, na súa nova redacción dada pola disposición adicional única do Real Decreto 43/1996”.

QUINTO: Contra a antedita Resolución interpúxose o Recurso Ordinario citado no encabezamento, no que tralas consideracións que estimaron pertinentes en defensa da súa pretensión, solicítase se dicte Resolución pola que se declare a Nulidade ou subsidiariamente a Improcedencia da resolución pola que se aproba o expediente de Regulación de Emprego presentado pola empresa “E.P.G.A., S.A.”.

SEXTO: Do escrito de recurso deuse traslado pola Delegación Provincial, á empresa para o efecto de que pola mesma se presentaran as alegacións que consideraran convenientes, evacuando dito trámite mediante a presentación do oportuno escrito na Delegación Provincial, no que tralas consideracións e alegacións consideradas oportunas solicitan se desestime o Recurso Ordinario presentado, confirmando a resolución do expediente de regulación en tódolos seus extremos.

SÉTIMO: De conformidade co preceptuado no art. 116.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común a Delegación Provincial remitiu o expediente e mailo seu preceptivo informe, sendo este do seguinte teor literal a partires do seu parágrafo sétimo: “*No seu escrito de recurso, a delegada de persoal de “E.P.G.A., S.A.”, solicita que se declare a NULIDADE do procedemento, con base nos seguintes defectos FORMAIS:*

1º.- Falta de entrega da documentación prevista no artigo 6 do Real Decreto 43/1996. En relación con este punto convén sinalar que, en virtude de escritos de datas 11 e 23 de novembro de 1998, a delegada de persoal de “E.P.G.A., S.A.”, comunicou a esta delegación provincial, o labor obstrucionista que realizaba a empresa por non facilitarlle a documentación necesaria para facer vale-los seus dereitos, ante o cal, esta delegación, con data do 24.11.98, lembrou á empresa o deber, legalmente establecido (art. 51.2 p 2 do ET), que tiña de facilitarlle a devandita documentación, que finalmente lle foi entregada, tal e como consta no recibí firmado pola delegada de persoal con data do 26.11.98.

2º.- Inexistencia de período consultivo:

Fronte a esta alegación, consta no expediente a comunicación á delegada de persoal, con data do 27.10.98, do inicio do período de consultas, xunto con dúas actas correspondentes a dúas reunións que tiveron lugar o 06.11.98 e o 04.12.98, precisamente en relación con esta última existe unha acta, asinada por ámbalas dúas partes, na que expresamente se dí- “*POR LO QUE NO HABIENDO LLEGADO A NINGÚN ACUERDO, POR AMBAS PARTES SE DÁ POR FINALIZADO EL PERÍODO DE CONSULTAS CON ESTA ÚLTIMA ACTA*”. A maior abastanza, o informe elaborado pola delegada de persoal, previsto polo artigo 8.3º do Real Decreto 43/1996, para o caso que o período consultivo remate sen acordo, permitiron a esta delegación provincial, considerar cumprido o devandito trámite.

3º.- Presentación con datas do 10 e 11 de novembro de 1998, ante o Xulgado do Social nº 3 de Vigo, de demandas de extinción de contratos ex. art. 50.1.b. do ET. Respecto desta alegación, convén subliñar que é criterio xurisprudencial reiterado (Sent. TSJ Madrid 18.03.98) aquel que afirma que “*a iniciación dun expediente de regulación de emprego enerva a acción de extinción do contrato do art. 50 ET*”. Neste senso, a xurisprudencia é tallante e entende que a acción queda enervada se existe pretensión instando o expediente de regulación de emprego, antes da demanda (que é a que fixa o obxecto do proceso) e nunca partíndose da papeleta de conciliación. No caso que nos ocupa, a solicitude empresarial de regulación de emprego tivo entrada nesta delegación provincial o 27 de outubro de 1998, (sen que o requirimento de documentación incompleta poida ter efectos prexudiciais para o solicitante, tendo en conta o carácter eminentemente antiformalista do dereito administrativo) e nesa mesma data presentouse papeleta de conciliación ante o SMAC por rescisión de contratos, por don D.V.C., en representación de 12

traballadores de “E.P.G.A., S.A.”, sendo formulada a correspondente demanda o 12 de novembro de 1998.

Paralelamente, o 10 de novembro de 1998, presentouse demanda de rescisión de contratos por outras 3 traballadoras da mesma empresa.

Con base nos datos expostos, debe (e así se fixo) darse preferencia ó expediente de regulación de emprego, fundamentalmente por razón de equidade, co fin de evitar solucións discriminatorias, segundo que os traballadores da mesma empresa acudan ou non ó exercicio da acción resolutoria, pois ámbalas dúas accións, malia ter idénticas consecuencias para a vida do contrato, dan lugar a indemnizacións diferentes.

- Por outra banda, e xa como cuestión de FONDO, a delegada de persoal fai xirar toda a súa argumentación ó redor da hipotética existencia dun grupo de empresas (con base na citada sentenza do Xulgado do Social nº 3 de Vigo), ó tempo que alega Litispendencia pola existencia deste expediente e dun recurso de suplicación pendente fronte á devandita sentenza.

- En relación á situación de litispendencia, é evidente que a resolución administrativa non fai referencia a ningunha situación de litispendencia, situación que, por outra banda, só pode existir cando a un tribunal se lle formula unha cuestión que, con anterioridade ou simultaneamente, xa foi sometida á decisión doutro, tendo por finalidade, a de evitar que se produza a excepción de cousa xulgada no outro.

Resulta palmario que a resolución que se dicte en vía administrativa, de ningún modo producirá efectos de cousa xulgada na vía xurisdiccional (TSJ. Aragón 14.07.93).

- Finalmente, e polo que atinxe á hipotética responsabilidade solidaria do grupo de empresas declarada na sentenza citada (que non é firme, xa que foi recorrida en suplicación por ámbalas dúas partes), esta delegación provincial entende que aínda que puidese ter relevancia respecto do pagamento das correspondentes indemnizacións, non prexulga a existencia de CAUSAS ECONÓMICAS, xustificadoras da medida solicitada, dado que, do conxunto da documentación que consta no expediente e tal e como corrobora o informe da Inspección de Traballo, resulta acreditada a existencia dunha situación económica negativa da empresa “E.P.G.A., S.A.”, caracterizada por:

a).- Un estado de insolvencia definitiva, declarada xudicialmente, cunha diferenza a favor do pasivo de 763.430.504.

b).- Un forte endebedamento: a empresa debe salarios ós traballadores dende o mes de agosto á Seguridade Social, sendo así mesmo, moi importantes as súas débedas con Facenda e o FOGASA.

c).- Por outra banda, advírtese un decrecemento progresivo das vendas- así no exercicio 94-95, estas diminuíron ó redor dun 7,92%, no exercicio 95-96 sobre un 10,7% e no 96-97 case un 2% máis.

d).- Finalmente, significar que o dictame dos interventores xudiciais destaca a certeza das causas que, segundo a memoria presentada pola empresa, orixinaron a suspensión de pagamentos e indica que, para a súa viabilidade, cómpre incrementar sustancialmente os ingresos, o cal, no estado actual de crise, consideran de moi difícil realización.

Por todo o exposto, considera esta delegación provincial que ante a inexistencia de defectos formais que determinasen a nulidade do expediente e dado que concorren causas económicas xustificadoras da medida solicitada procede, salvo superior criterio de V.I., desestimar-lo recurso ordinario e confirmar integramente a resolución recorrida”.

Dita documentación foi recibida en Servicios Centrais, onde tivo entrada en data 23.02.99 (nº de rexistro de entrada 3.255).

OITAVO: Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE. 12.11.84), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 27.01.85), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) en relación co Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO: En relación ás alegacións aducidas a través do recurso ordinario presentado e relativas a defectos formais, e que en síntese atinxen á falta de entrega pola empresa á representación legal dos traballadores da documentación prevista no art. 6 do R.D. 43/1996, do 13 de xaneiro, a inexistencia do preceptivo período de consultas, a nulidade do expediente por terse presentado por parte dos traballadores afectados demandas da rescisión de contratos vía art. 50 do E.T.; as mesmas non poden prosperar nesta instancia, carecendo de entidade suficiente para desvirtuá-lo acerto da resolución recorrida, e isto polos razoamentos contidos tanto na Resolución que agora se impugna, como no Informe emitido en vía de recurso pola Delegación Provincial, informe integramente transcrito no FEITO SÉTIMO da presente resolución e que serve de fundamento á mesma de acordo co disposto no art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común modificada pola Lei 4/1999.

Por último, en canto ó fondo do asunto hai que significar que queda adverado no presente caso á situación económica negativa da empresa “E.P.G.A., S.A.”, situación constatada a través do Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social (igualmente transcrito na presente resolución no FEITO SEGUNDO); compartíndose así igualmente os razoamentos do antedito informe da Delegación Provincial e nos que se da contestación ás alegacións relativas á litispendencia, así como a existencia dun Grupo de Empresas do que formaría parte “E.P.G.A., S.A.”, e que xa nun primeiro momento serviron de base á resolución de data 23.12.98; entendéndose igualmente nesta instancia que a responsabilidade solidaria declarada no procedemento nº 343/98, seguido no Xulgado do Social nº 3 dos de Vigo por sentenza de data 25 de setembro de 1998, confirmada en suplicación pola Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 9 de abril de 1999 (sentencia aportada ó presente expediente polo recorrente en data 23.04.99, na que tivo entrada na Delegación Provincial, e da que non se ten constancia da súa firmeza) non prexulga a situación de crise económica pola que atravesará a empresa.

Así, polo exposto e sen entrar noutras consideracións, é polo que procede desestima-lo recurso ordinario presentado sen prexuízo do dereito que lle poida asistir á recorrente, se o estima oportuno, de acudir ó cauce legal axeitado en orde a dirimir cuestións tales como as relativas a indemnizacións ou as posibles responsabilidades derivadas da xestión das diversas sociedades ás que se fai igualmente mención a través do recurso presentado.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Acorda

DESESTIMA-LO recurso ordinario formulado por dona J.S.V., en calidade de delegada de persoal da empresa “E.P.G.A., S.A.”, contra a resolución de data 23.12.98, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra, en Vigo, e recaída no expediente de regulación de emprego nº 235/98, promovido pola referida empresa. E, na súa consecuencia, CONFIRMA-LA citada resolución en tódolos seus extremos.

RESOLUCIÓN DO 4 DE XUÑO DE 1999

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado na marxe, do que se coñece en virtude do recurso formulado por dona M.C.P.V., en calidade de Directora Provincial do Instituto Social da Marina de Lugo, contra a resolución de data 05.02.99 da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e tendo en conta os seguintes,

Feitos

PRIMEIRO: A empresa arriba referenciada en data 19.01.99, presentou na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, solicitude interesando autorización para suspende-las relacións xurídico-laborais con 12 traballadores que integran a dotación do buque M/P. "P.", (atopándose un deles en situación de incapacidade temporal derivada de enfermidade común), no período comprendido entre o 01.01.99 ó 30.01.99.

Aduce como causa xustificativa da súa petición a imposibilidade de continua-las faenas de pesca polo grave deterioro ocasionado nos aparatos eléctricos e de radio da ponte de goberno do buque, producido por un forte golpe de mar, debendo suspenderse así a súa actividade durante o tempo que duren as obras de reparación, considerando a devandita rotura como un suposto de forza maior impropia ó derivarse dunha avaría de carácter non habitual sufrida pola embarcación.

Á referida solicitude, a empresa acompaña a seguinte documentación:

- a) Escritura de constitución da Sociedade.
- b) Relación de traballadores afectados.
- c) Comunicación a toda a tripulación da solicitude do expediente, así como do inicio do período de consultas.
- d) Certificación da Capitanía Marítima de Viveiro acreditativa da tripulación desenrolada.
- e) Certificado do taller que efectuará os traballos de reparación.
- f) Conformidade dos traballadores afectados, así como a comunicación do peche do período de consultas.
- g) Fotocopia compulsada do libro de navegación no que consta o feito alegado.

SEGUNDO: Pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e consonte ó sinalado nos artigos 51.3 parágrafo 2º do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e 9.1 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, comunicouse a iniciación do expediente á entidade xestora da prestación por desemprego (Instituto Social da Marina) e recabou o preceptivo informe á Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, sendo do seguinte teor literal: *"En relación con el escrito de la Delegación Provincial de Lugo, de la Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, nº 7.258, de fecha 21 de enero de 1999, referente al expediente de Regulación de Empleo nº 6/99, que se tramita a instancia de don J.A.R.P., en calidad de administrador de la empresa "R.C., S.L.", propietaria del buque pesquero "P.", con base en el puerto de Celeiro, Vivero. Cúmpleme informar que a la vista de la documentación obrante en el expediente: Solicitud de suspensión de las relaciones laborales; Copia de la escritura de constitución de la Sociedad; Relación por triplicado del personal afectado; Certificación de la Capitanía Marítima de Viveiro, conforme la tripulación está desenrolada; Comunicación a toda la tripulación; Conformidad de los trabajadores afectados; Certificación del taller que lleva a cabo las obras de reparación y Copia del Diario de Navegación, en el que consta la descripción del accidente y los daños sufridos, entendemos que procede homologar el acuerdo y declarar a los trabajadores en situación legal de desempleo". Lo que se informa a los efectos oportunos*".

TERCEIRO: En data 21.01.99, foi solicitado, pola Delegación Provincial de Lugo, Informe ó Centro Meteorolóxico Zonal de Galicia (reiterándose a petición en data 02.02.99), informe que á data de emisión da resolución que agora se recorre non fora recibido pola Delegación Provincial, sendo emitido o mesmo en data 12.02.99 e tendo entrada na Delegación Provincial o 26.02.99.

CUARTO: En data 02.02.99 a empresa comunicou á Delegación Provincial de Lugo a reanudación das faenas de pesca do buque M/P “P.”, a partires do día 16 de xaneiro de 1999.

QUINTO: Así, e logo da oportuna tramitación e instrución do expediente, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, en data 05.02.99, dictou a resolución que agora se impugna, que na súa parte dispositiva, textualmente se dí: *“AUTORIZA-LA suspensión das relacións laborais solicitada por don J.A.R.P., na súa condición de representante do M/P “P.”, á vista do acordo acadado cos 12 traballadores afectados que figuran na relación que se une á presente resolución, da que forma parte, na que constan os datos persoais de cada un deles, por un período comprendido entre o 01.01.99 e o 16.01.99 (data de reanudación das faenas de pesca segundo comunicación da empresa), segundo establece o artigo 15 do Real Decreto 43/96, do 19 de xaneiro, en relación co artigo 57.3 da Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, con dereito ó percibo das prestacións por desemprego durante o citado período sempre e cando reúnan os requisitos esixidos de acordo coa normativa vixente”*.

SEXTO: Contra a antedita resolución interpúxose o recurso ordinario citado no encabezamento no que tralas consideracións que se estimaron convenientes en defensa da súa pretensión, solicítase se declare a nulidade da Resolución recorrida no relativo ós efectos retroactivos contidos na mesma.

SÉTIMO: De conformidade co preceptuado no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a Delegación Prvincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, remitiu a esta Dirección Xeral o expediente e mailo seu preceptivo informe, no que textualmente se dí: *“PRIMEIRO: Que con data 19.01.99 tivo entrada nesta Delegación Provincial expediente de regulación de emprego tramitado a instancia de don J.A.R.P. en solicitude de suspensión das relacións laborais de 12 traballadores, que integran a dotación do buque, por causa de Forza Maior Impropia derivado dun golpe de mar que inundou a ponte de mando, provocándolle graves danos nos aparatos eléctricos e de radio.*

SEGUNDO: Que, evacuado o trámite preceptivo de solicitude de informe á Inspección Provincial, este foi emitido con data 25 de xaneiro de 1999 (rexistro de entrada de data 26.01.99) en sentido favorable á suspensión das relacións laborais.

TERCEIRO: Que, con data 29 de xaneiro de 1999 foi dictada resolución desta Delegación Provincial autorizando a suspensión das relacións laborais solicitada por don J.A.R.P., á vista do acordo acadado cos traballadores afectados, con efectos retroactivos en atención ás circunstancias especiais que se dan neste tipo de supostos e de conformidade co establecido no artigo 15 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, en relación co artigo 57.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de R.X.A.P. e do P.A.C., segundo o criterio seguido con anterioridade por esta Delegación.

CUARTO: Que no expediente de referencia outorgáronse efectos retroactivos á resolución dadas as connotacións de imprevisibilidade e inevitabilidade que concorren nos golpes de mar xa que, aínda que no caso que nos ocupa, non foi preciso o remolque do buque ó porto, si reúne os requisitos esenciais dun suposto de forza maior, non na súa concepción estricita pero sí equiparable á mesma, nos denominados supostos de “forza maior impropia”, figura híbrida que outorga eficacia retroactiva os casos que, polas súas connotacións, derivan prexuízos ó empresario non previsibles ou que, previstos, son inevitables e totalmente alleos á súa vontade, polo que este Servicio de Relacións Laborais, vista a documentación obrante no expediente, considera acreditada a existencia do golpe de mar alegado polo solicitante (achégase certificado do taller sobre os danos ocasionados e certificado do Centro Meteorolóxico sobre as condicións do estado do mar) reiterando o seu criterio de outorgarlle eficacia retroactiva á resolución dictada no seu día, ben por aplicación do artigo 15 do R.D. 43/96, do 19 de xaneiro, en relación co artigo 57.3 da L.R.X.A.P. e do P.A.C. como consta na resolución, ben pola vía da forza maior impropia (de creación xurisprudencial) por aplicación do artigo 19 do citado R.D. 43/96 ó considerar prioritario por esta Delegación a protección dos traballadores ante eventos imprevisibles, como é o caso que nos ocupa, a cuestións de índole puramente formalista que dependen do criterio interpretativo que se lles intente dar en cada momento ás normas de aplicación, reiterando que o criterio seguido na resolución dictada por esta Delegación é consecuente coas dictadas con anterioridade en supostos similares por avarías non habituais.

QUINTO: Que, de conformidade co establecido nos artigos 3 e 4 do R.D. 43/1996, do 19 de xaneiro, o Instituto Social da Marina carece de lexitimación activa para recorrer-la resolución dictada por esta Delegación.

Polo que antecede, examinado o contido das actuacións e de conformidade coa normativa vixente, este Servicio de Relacións Laborais estima, salvo superior criterio desa Dirección Xeral, que debería manterse, e no seu caso aclararse, o criterio adoptado na resolución dictada por esta Delegación Provincial a fin de conceder efectos retroactivos á mesma ó estar referida, a causa motivadora do expediente, a un acontecemento imprevisible, ou que previsto foi inevitable, e totalmente alleo á vontade do empresario”.

OITAVO: Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

Fundamentos

PRIMEIRO: A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE. 12.11.84), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de Regulación de Emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG. 27.01.85), Decreto 227/1998, do 10 de xullo (DOG 06.08.98) en relación co Real Decreto Legislativo 1/1995 do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO: En primeiro lugar, hai que sinalar que o Instituto Social da Marina carece de lexitimación suficiente para recorrer-la devandita resolución, dado que a competencia do mesmo debe limitarse no caso que nos ocupa única e exclusivamente ó recoñecemento das prestacións derivadas da situación legal de desemprego, declarada esta situación pola Autoridade Laboral competente a través da correspondente Resolución, pola que se acredita a mesma e que confire ós afectados o dereito a solicitar da entidade xestora, neste caso o Instituto Social da Marina, o recoñecemento das devanditas prestacións que lles poidan corresponder segundo os antecedentes obrantes na mesma.

TERCEIRO: Por último e con respecto ás alegacións aducidas polo recorrente a través do recurso ordinario presentado, as mesmas non poden ter favorable acollida nesta instancia, xa que constitúen meras manifestacións acomodaticias ó propio interese de parte que nada proban e que como tales carecen de entidade suficiente para desvirtua-lo acerto da Resolución recorrida, e isto polas razóns e criterios recollidos no Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, así como no emitido en vía de recurso, pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, integramente transcritos nos FEITOS SEGUNDO E SÉTIMO respectivamente da presente resolución, razóns e criterios compartidos nesta instancia e que serven de motivación á mesma de conformidade co disposto no art. 89.5º da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Unha vez constatadas todas e cada unha das actuacións practicadas no presente expediente das que deriva de xeito claro que no presente caso concorren as circunstancias características dos supostos de forza maior; así, e tendo en conta o anteriormente exposto procede confirmar integramente en tódolos seus extremos o pronunciamiento da resolución recorrida, desestimándose así o recurso presentado.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

Acorda

DESESTIMA-LO recurso ordinario formulado por dona M.C.P.V., en calidade de Directora Provincial do Instituto Social da Marina de Lugo, contra a resolución de data 05.02.99, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, e recaída no expediente de regulación de emprego nº 6/99 promovido pola empresa “R.C., S.L.” armadora do buque “P.”. E na súa consecuencia, CONFIRMA-LA citada resolución en tódolos seus extremos.